

TIC TAC adapta

equipos para tod@s



O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través de Red.es e das distintas CC.AA. pon en marcha este proxecto, cofinanciado con fondos FEDER, que consiste na dotación de dispositivos tecnolóxicos e produtos de apoio en centros de acceso público a Internet.

A súa finalidade é facilitar o acceso á sociedade da información das persoas con discapacidade ou doutras, que por diferentes motivos, necesiten dun equipo adaptado para acceder a Internet.

O programa comprende ademais, accións de formación no uso dos elementos e unha **canle de capacitación** con soporte telefónico e de correo electrónico a través da web

www.tictacadapt.es

Na **canle de capacitación** atoparás contidos de interese común, como tutoriais de uso dos elementos instalados e a listaxe de centros de toda España que xa contan con ordenadores capacitados.




UNIÓN EUROPEA
FONDOS FINANCIADOS
POR EL FONDOS EUROPEO DE
DESARROLLO REGIONAL
(FEDER)
Una manera de hacer Europa



PLAN
AVANZA2



XUNTA
DE GALICIA



equipos para tod@s

Accesos adaptados e alternativos.
Equipos informáticos pensados
para tod@s.

Conéctate ao mundo!

Máis información: <http://imit.xunta.es>


aquí

ORDENADORES CAPACITADOS

Grazas ao proxecto TICTAC neste centro poderás atopar accesos adaptados e alternativos para o ordenador. Equipos informáticos pensados para persoas con necesidades especiais, complementados por elementos accesibles, que se adaptan a ti e rompen barreiras, para que poidas navegar libremente por Internet. Pregunta ao/á responsable e conéctate ao mundo.

a quen van destinados?

A todas as persoas que precisen de calquera adaptación para acceder de forma máis sinxela aos equipos informáticos, persoas maiores, persoas con discapacidade sensorial, cognitiva ou motórica ou persoas con mobilidade reducida de forma temporal ou permanente.



Equipos para todas

que permiten facer ?



Sen barreiras á información
Acceder a internet é acceder ao mundo. Con accesos adaptados, as persoas con discapacidade poden mercar, telematicamente, intercambiar experiencias, acceder ao teletraballo e á formación on-line.



Comunicación alternativa á fala
O ordenador convértese nunha solución excelente para a comunicación e a interacción social das persoas con discapacidade. Permite utilizar outros sistemas de comunicación alternativa dun modo sinxelo e eficaz.



Outras maneiras de escribir
Como emisor e como receptor de información, o ordenador capacitado transforma as mensaxes e as adapta ao servizo das persoas, adecuándose ás súas necesidades. Posibilita a escritura e a emisión de mensaxes.



Adecuación ás necesidades
O ordenador é un elemento facilmente adaptable ás necesidades individuais das persoas. A súa usabilidade é factible grazas a apoios, soportes e adaptacións de hardware e software, que permiten ás persoas utilizar o ordenador de forma autónoma.



Aprendizaxe/Estimulación multisensorial
Os equipos capacitados posibilitan a interacción entre a ferramenta e ás persoas. Este intercambio logra a adquisición de aprendizaxes e o desenvolvemento de capacidades tanto conceptuais como procedimentais.



Diversión ao alcance de todos
O xogo é unha forma de aprendizaxe, mais tamén de relación social e benestar persoal. O lecer concíbese como unha parte esencial do desenvolvemento integral dunha persoa.

Capacitados por que?



CONMUTADORES

Realizan as funcións dun pulsador e poden ser utilizados por persoas con algún tipo de limitación motriz e/ou sensorial. Con botóns moi sensibles, é un práctico medio de acceso ao ordenador.



PANTALLA TÁCTIL

Activada por contacto pola pel e mediante instrucións acústicas, permite o acceso a funcións de aprendizaxe e lecer.



SISTEMAS DE SOPORTE

Brazo articulado para facilitar o amarre de dispositivos que facilitan o acceso ao ordenador.



TECLADO ALTERNATIVO

Teclado con teclas de gran tamaño para facilitar a súa pulsación, recomendado para persoas con problemas de mobilidade e/ou visión.




CONTROLADORES SEN MANS

Fan posible navegar por internet, utilizar o rato e escribir. Control do ordenador cun sinxelo movemento do queixo ou a cabeza.



RATOS ALTERNATIVOS

Ratos de bóla grande para persoas con dificultades motoras; de deseño ergonómico. Joystick para persoas con control das mans limitado ou falta de destreza manual.



SOFTWARE

Ampliadores de pantalla, opcións que permiten simplificar o uso do rato e do teclado para as características de cada persoa, programas que convirten a pantalla en voz, teclados en pantalla accesibles con calquera rato...